

24.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE XUÑO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Non asiste D. Nicolás María González Casares.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 23/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE MAIO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 23/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, de data 30 de maio de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

Neste intre retirouse da sesión a Sra. Concelleira D^a. Teresa Varela Fisteus ás 19:31 horas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse conceder á persoa solicitante, **licenza de legalización de muro de contención e cerramento de parcela** en Outeiro, 36, Filgueira, Lalín e desestimar a totalidade das alegacións formuladas por interesado.

Neste intre incorporouse a sesión a Sra. Concelleira D^a. Teresa Varela Fisteus.

2.2.- Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Avda. do Monserrat, 23, Donramiro, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 24/04/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 490,50 euros.

2.3.- Acordouse **corrixir o erro** padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2016 (punto 1.1 da acta – licenzas de obra –), e **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para vivenda unifamiliar en Viñoa, Soutolongo, Lalín así como aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 17/05/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.988,98 euros.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA** para peche frontal da finca, sita en Filgueiroa – Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 31/05/16 por importe de de 118,50 euros.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse **prorrogar de mutuo acordo** coa empresa contratista SYMATEC, S.L. o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALIN, LOTE 1: CEIP ZONA RURAL E LOTE 2 : CEIP ZONA URBANA ” dende o 1 de setembro de 2016 e rematará o 30 de xuño de 2017.

4.2.- Acordouse **prorrogar de mutuo acordo** coa empresa contratista SYMATEC, S.L. o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALIN, LOTE 3: ESCOLAS INFANTIS ” que rematará o 31 de xullo de 2017 .

4.3.- Acordouse **prorrogar de mutuo acordo** coa empresa contratista V.CALVIÑO ASESORES S.L. o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE ASESORAMENTO LABORAL AO CONCELLO DE LALIN” desde o día 16 de xuño de 2016 ata o día 15 de xuño de 2018.

4.4.- Acordouse **prorrogar de mutuo acordo** con VANESSA TABOADA SANTIN o contrato administrativo denominado “CONCESION DUN LOCAL

VACANTE NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MULTIUSOS LALIN ARENA ” desde o día 19 de setembro de 2016 ata o día 18 de setembro de 2018.

4.5.- Acordouse **prorrogar de mutuo acordo** coa empresa contratista MONTEFARO ELECTRICIDADE S.L. o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE MANTENEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALIN ,LOTE NÚM 1:ZONA 1 ; LOTE NÚM 2 :ZONA 2 E LOTE NÚM 3: ZONA 3” desde o día 1 de xullo de 2016 ata o día 30 de xuño de 2017.

4.6.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado “EQUIPAMENTO PARA A NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL” (Lote 1: Mobiliario en serie; Lote 2: Mobiliario a medida), mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, co seguinte orzamento máximo de licitación por lote: Lote 1: 25.322,15 € (IVE incluído) e Lote 2: 50.602,54 € (IVE incluído) e un prazo de execución de 2 meses; aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente; autorizar o gasto polos seguintes importes máximos por lote: Lote 1:25.322,15 € (IVE incluído) e Lote 2: 50.602,54 € (IVE incluído), e iniciar os trámites para adxudicar o contrato e publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

4.7.- Acordouse **adxudicarlle o contrato de servizos** denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN”, a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L, polo importe de 94.873,41 euros anuais, polas melloras recollidas na parte expositiva do presente acordo e por un prazo de execución dun (1) ano, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

4.8.- Acordouse **adxudicarlle o contrato de servizos** denominado “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “LALÍN EMPRENDE XOVE” ás seguintes empresas:

- Lote 1: Accións formativas da área de soldadura á empresa FORMATESA LALÍN, S.L. polo importe total de 12.990,00 euros.
- Lote 2: Accións formativas da área de novas tecnoloxías á empresa MAGNAFOR QUALITAS S.L., polo importe total de 3.595,00 euros.
- Lote 3: Accións formativas da área de comercio á empresa COESCO S.L.U polo importe total de 3.412,00 euros.
- Lote 4: Accións formativas da área de equipos de traballo móbiles automotores á empresa MAGNAFOR QUALITAS S.L. polo importe total de 3.359,00 euros.

5.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS NÚM. 10/2016.

5.1.- Acordouse autorizar, comprometer e recoñecer a obriga por un importe total de 3.024,83 €, segundo as **relacións de facturas nº 00069: 1.058,24 €, e nº 00072: 1.966,59 €**, e proceder a reclamar a Espina & Delfín S.L. o importe de 1.058,24 € correspondente a relación nº 00069, así como requirirille o cambio de titular contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono as seguintes relacións de facturas **relación nº 00071 por importe de 116.059,70 €**.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse **aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Zobra** para a cesión do uso de dúas parcelas para a construción dunha E.D.A.R. con humedais artificiais para a poboación de Zobra.

7.2.- Acordouse **autorizar o cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente con placa nº 699.

7.3.- Acordouse **reintegrar** á persoa que efectuou o pago, o importe de 45 € en concepto de gastos efectivamente realizados como consecuencia da solicitude do ISBN para a edición de libros “*Antonio Taboada Ferradás. Wily. Unha técnica salvaxe*”, de acordo cos xustificantes.

7.4.- Acordouse **aprobar as liquidacións** en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, correspondente ao **mes de maio de 2016 por importe total de 890,29 €**, recoñecer dereitos polo importe de 890,29 € e aprobar a liquidación

presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrencia, prestado durante o mes de maio do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.791,52 €.

7.5.- Acordouse **aprobar as liquidacións** en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao **mes de maio de 2016, por importe total: 6.213,27 €**, recoñecer dereitos polo importe de 6.213,27 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de maio do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.567,97 €.

7.6.- Acordouse a **adhesión do Concello de Lalín ao plan de termalismo social DEPOTERMAL 2016** da Deputación de Pontevedra.

7.7.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 355,20 €.

7.8.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 149 € a aboar en efectivo.

7.9.- Acordouse **autorizar a celebración da Feiradeza** os días 9, 10 e 11 de setembro de 2016 no recinto gandeiro do Campo da Feira de Lalín para cumprir coas esixencias sobre autorizacións de certames gandeiros marcadas pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

7.10.- Acordouse **autorizar a transmisión da concesión da sepultura** núm. 620 do Cemiterio Municipal da Romea e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal en concepto de taxa de concesión de sepultura polo importe de 751,27 euros.

7.11.- Acordouse a **asignación dos novos números de postos concedidos**, como consecuencia do cambio de zona habilitada para a feira á rúa Caracas, segundo o informe do Policía Local.

7.12.- Acordouse a **adopción do acordo de concesión de postos e aprobación da alta e liquidación para os días detallados para o exercicio 2016** pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal,

así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica por importe de 72,80 e 187,20 €.

7.13.- Acordouse **conceder a baixa e proceder a aprobar a anulación da concesión do posto** aprobado na Xunta de Goberno do día 1 de marzo e proceder a aprobar a liquidación correspondente aos días de feira dende o 1º de xaneiro á data da presentación da solicitude de baixa.

8.- CORRECCIÓN DE ERROS.

8.1.- Acordouse **corrixir o erro** padecido no Anexo I do cadro de características do contrato do Prego de prescripcións administrativas e no Prego de prescripcións técnicas do expediente “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E DA ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN”.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse **outorgar autorización municipal** para o uso das instalacións da Aula da Uned para unha reunión con empresarios do Polígono Industrial Lalín 2000, o día 8 de xuño de 2016, a partires das 20:00 horas.

9.2.- Deuse conta do **informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos de data 1 de xuño de 2016**, no que fai constar que o día 1 de xuño de 2016 a tapa que esta fronte á Oficina da Caixa e a baldosa xa foron reparadas pola Empresa Repsol Butano polas obras realizadas de canalización.
